



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Cluster del Granito sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar co Cluster del Granito o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Cluster del Granito. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Colaboración nos cursos de especialización de formación profesional xa sexa a través da formación e capacitación do profesorado, na formación do alumnado e/ou na cesión de equipamento e/ou instalacións.
- b. Promover entre as empresas o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- c. Impulsar que as empresas participen no programa de formación en centros de traballo (FCT), para o alumnado que curse formación profesional.
- d. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- e. Fomentar a obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras das empresas galegas, dentro do Plan de avaliación, recoñecemento e acreditación (ARA) da





experiencia profesional que desenvolve a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- f. Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- g. Promover o apoio mutuo centro-empresas, especialmente entre as pequenas e medianas empresas e os centros educativos, que impartan ensinanzas de formación profesional.
- h. Outras de interese como a colaboración en visitas a empresas, charlas en centros formativos, orientación a alumnos en emprendemento, etc.

A aplicación deste Convenio non conleva ningún tipo de gasto para a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.
Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.
2. No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:





A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

Esta colaboración ten a seguinte finalidade:

- Realización do módulo de formación en centros de traballo.
- Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
- A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación

A colaboración formalizarase mediante convenio.

3. Na Resolución do 21 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos cursos de especialización de formación profesional no ano académico 2021/22 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia., establece que terán por obxecto completar as competencias daquelas persoas que dispoñan dun título profesional de referencia e incorporar na formación do alumnado as últimas innovacións do sistema produtivo, nomeadamente dos ámbitos emerxentes.
4. Que o Cluster del Granito é unha asociación sen ánimo de lucro que ten por fin representar ao sector empresarial do granito, aos seus asociados, defender os seus intereses e as actividades afíns ao longo da cadea de valor do granito.
5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Cluster del Granito están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais





necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

